

- COMPOSICIÓN -

Aprender a compoñer

Hai tantas formas de compoñer planos como narrativas pasen pola nosa cabeza. A maior parte das definicións din que se trata da forma equilibrada de dispoñer os elementos dentro dun fotograma. Pero se imos un pouco máis aló conviremos que se trata do xeito de dirixir a atención do espectador cara onde nos interesa dentro do plano. Coa composición podemos suscitar atención e emocións no espectador, orientándoo cara o lugar que queremos para el. Na composición xogan elementos escénicos, de iluminación e principalmente o emprazamento e ópticas da cámara que debe recoller a situación.

Debemos entender, en primeiro lugar, que a composición é un proceso selectivo no que empezamos por decidir sobre que fragmento do espazo dispoñemos a atención do espectador. Que amosamos e que deixamos fóra tendo moi claro quen é o protagonista do plano. Toda a disposición debe xogar a favor dese elemento ou personaxe. Comezamos entón por decidir o **emprazamento da cámara** e o **valor/tamaño de plano** para logo establecer as **proporcións** correctas dos elementos para a nosa intención narrativa. E é que a cámara non só enmarca a escea, cambia a disposición existente na realidade, establecendo un novo código de interrelacións. As distancias, orientacións e profundidade dentro do plano son cuestións clave na construción de encuadres atractivos. Canto máis fuxamos da disposición plana, canto mellor poidamos dotar de dimensionalidade o plano, máis efectivos estaremos a ser na nosa comunicación.

*Na composición non corresponde falar de normas estrictas, senón máis ben de orientacións prácticas para resolver situacións comúns ou narrativas convencionais. Establecemos como base da nosa explicación o formato horizontal pero conviremos en que dependendo da plataforma, o formato vertical (Instagram, teléfonos móbiles...) adapta estas mesmas normas.

Puntos de interese

- **Tamaño.**


Sempre dominarán os nosos planos os elementos de maior tamaño. A proximidade con respecto á cámara é determinante á hora de establecer quen ten o control da situación. Dentro dun mesmo plano podemos ir modificando ese protagonismo movendo a cámara ou as personaxes xerando cambios e novas relacións que doten de dinamismo a situación.



- **Altura**

- **A regra dos tercios**, se cadra a norma máis comúnmente establecida na composición audiovisual, é unha simplificación da Sección Áurea que establece a división do espazo en partes proporcionais agradables á vista. É a regra máis coñecida e válida tanto para cinema como para fotografía, pintura e outras artes.

Se dividimos o noso cadro en tres partes iguais, os puntos de atención situaranse na intersección entre as liñas trazadas. Valernos destes puntos resultaranos moi útil para dirixir a atención do espectador cara os elementos determinantes de cada plano.



Se temos máis dun elemento protagonista dentro do plano e queremos valernos da forza dos tercios para indicar a dominante dun con respecto a outro debemos dispoñelos nos puntos diagonalmente opostos. Se empregamos os puntos paralelos estaremos a darlle a mesma importancia aos elementos dispostos. Ben se é intencionado pero debemos ser conscientes de que pode que despistemos os nosos espectadores.

- E velaquí a que John Ford consideraba unha das cousas máis complexas da ollada do cineasta. Onde colocar **o horizonte**. E é que algo tan aparentemente nimio como situar o horizonte a unha altura ou outra dentro do cadro determina diferencias radicais



- Debemos ter en conta a **interrelación de alturas entre planos** que van dialogar na montaxe. O equilibrio ou desequilibrio resultante dependerá de como situemos as personaxes ou elementos que deben establecer contacto visual. Trátase de que o espectador teña unha liña de lectura homoxénea, na que non introduzamos ningún ruído innecesario e sobre todo non intencionado.



- Espazo


- As **liñas físicas** que trazamos no plano e as **dimensións de baleiro** que distribuimos entre os elementos son fundamentais na composición. Demasiada distancia central entre dúas personaxes pode resultar incómoda. Sen embargo espazos baleiros intencionadamente amplos poden fixar a atención do espectador sobre puntos onde sucederán cousas.



- Construimos no aire **xeometrías** que poñen en relación personaxes e elementos e imos movendo a atención do espectador duns puntos a outros. Neste sentido as liñas diagonais proporcionan ritmo e dinamismo. Botádelle un ollo a geometricshots.com para reparar mellor nisto.




- O **framing** consiste en encadrar algún elemento valéndose de cadros físicos que existen no propio plano (ventás, portas, etc). É unha das fórmulas máis indicadas para marcar diferentes espazos (físicos ou emocionais) dentro dun mesmo lugar.



- Direccionalidade

- **Aire:** É o espazo baleiro do plano. Non se trata simplemente do espazo onde non hai ningunha figura ou elemento. Son as marxes que aproveitamos para que a composición sexa equilibrada e para construír a dimensionalidade do plano
- **As liñas de fuga:** Moi frecuentemente buscamos no plano puntos de fuga que marquen dirección, que conviden ao espectador a dirixir a súa atención cara un punto determinado. Buscamos liñas e movementos que inciten a unha lectura determinada do plano



- **As liñas de mirada:** O sistema máis común de marcar as fugas do plano ten que ver co uso das liñas da mirada das personaxes. O espectador busca inconscientemente a referencia cara a que ollar a personaxe protagonista do plano. Corresponde, na composición clásica, procurar o **aire** e as **liñas de fuga** seguindo esa orientación.



- **Movement**

- Non debemos olvidar que todo o que cambia dentro do plano establece novas interrelacións e direccións. **A atención do espectador sempre se verá atraída polo que se move** e deste xeito podemos dotar de vida a nosa composición. Un valor de plano muta noutro, unha liña de fuga convértese noutra... E deste xeito a navegación do espectador polo plano faise interesante e chea de alicientes.
- Calquera **movimento de cámara** debe entender todos os elementos referidos anteriormente. O inicio e final dun plano nunha panorámica ou travelling deben ser estudiados e estar perfectamente compostos. A dirección debe ser acorde ao que propoñemos nos planos anterior e seguinte e debe ser coherente coas liñas que estamos a propoñer antes de que o plano comece a moverse.